



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracions Públicas e Xustiza, a Amtega e a USC para continuar cos traballos do Portal Xurídico Galego e da Base de Datos de Lexislación Galega Consolidada

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística ten previsto formalizar co Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracions Públicas e Xustiza, a Amtega e a USC o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o..... ata o 15 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre o Parlamento, as diferentes consellerías participantes da Xunta de Galicia, a Amtega e a USC, para a elaboración e o acceso da sociedade galega en xeral a un novo recurso telemático, xurídico-normativo e lingüístico denominado *Portal xurídico galego e base de datos de lexislación galega consolidada, Lex.gal*.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que as partes asinantes consideran como referente normativo básico da súa actuación a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se reconece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e o Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a normalización do galego. Terase en





conta tamén, favorecer o desenvolvemento do futuro Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego, coa pretensión de que ao aumentar a presenza do galego na estrutura de relacións xurídicas, económicas e mercantís que xorden no ámbito empresarial, sirva de efecto multiplicador no resto da poboación, xa que, se trata dun sector fundamental no funcionamento das sociedades modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe.

2. Que o 2 de outubro do ano 2013, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) e a USC asinaron un convenio plurianual de colaboración para o desenvolvemento conxunto dunha serie de proxectos de investigación relacionados coa lingua e a literatura galegas, entre os que se incluía o proxecto “Código de dereito galego consolidado en liña”.

3. Que con data do 4 de novembro de 2013, tomando como referencia o citado convenio plurianual do mesmo ano entre a Consellería a través do CRPIH e a USC, asinouse coa mesma vixencia do convenio inicial (ata o remate do ano 2015) un novo convenio en materia de dinamización lingüística para poñer en marcha o proxecto. O referido convenio foi asinado polo Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Amtega e a USC, porque estas entidades dispoñen, respectivamente, de persoal docente investigador, servizos xurídicos, infraestrutura técnica e a tecnoloxía máis adecuada para garantir a consecución dos obxectivos perseguidos, os cales non poderían acadarse dun xeito pleno no ámbito máis restrinxido da investigación lingüística a través do convenio de colaboración suscrito pola consellería a través do CRPIH e a USC, posibilitando así a elaboración e o acceso da sociedade galega en xeral a un novo recurso normativo e lingüístico denominado Código de dereito galego consolidado e en liña.

4. Que na actualidade, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través do CRPIH e a USC teñen asinado un convenio plurianual con vixencia ata o





remate do ano 2017, para a realización dun programa de actuacións en materia de investigación sobre estudos lingüísticos, literarios e filolóxicos galegos co fin de contribuír á normalización e ao prestixio da lingua galega. No anexo do convenio identifícanse os diferentes proxectos e a achega económica coa que a Consellería colaborará para o desenvolvemento de cadanseu deles. Malia diso, non está previsto, no anexo ao convenio vixente o proxecto denominado “Código de dereito galego consolidado en liña”. Esta circunstancia explicase por diferentes motivos e, fundamentalmente, polo seu contido e, mesmo polo interese manifestado respecto do proxecto por outras institucións da Comunidade Autónoma de Galicia e diferentes órganos superiores do Goberno da Xunta de Galicia, que pretenden participar activamente no seu desenvolvemento para conxugar un recurso xurídico-normativos e lingüístico coas TIC’s co propósito de propiciar que dende Galicia á sociedade en xeral teña acceso a el cun soporte tecnolóxico que posibilite a súa conexión en liña, de forma gratuíta e a través da internet .

5. Que coa incorporación de novos axentes implicados no proxecto o seu alcance adquire tamén maior entidade e, por iso, os diferentes órganos competentes manifestaron o seu desexo de formalizar un novo convenio de colaboración para continuar os traballos de desenvolvemento deste proxecto que terá unha nova denominación : “Portal xurídico galego e base de datos de lexislación consolidada. Lex.gal”. Nel participarán, ademais das entidades e organismos que asinaron o convenio do 4 de novembro de 2013 (o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Amtega e a USC) , a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da Dirección Xeral de Xustiza, por parte da Xunta de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de xuño de de 2016.

*(asinado dixitalmente)*

